



ACTA

| | |
|-------------------------|--------------------------|
| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
| PLN/2018/3 | O Pleno |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|------------------------------------|--|
| Tipo Convocatoria | Ordinaria |
| Data | 1 de marzo de 2018 |
| Duración | Desde as 20:40 ata as 21:10 horas |
| Lugar | Salón de Plenos do Concello de A Estrada |
| Presidida por | JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS |
| Secretaria accidental | MARÍA JOSEFA MARTINEZ BARROS |

| ASISTENCIA Á SESIÓN | | |
|---------------------|------------------------------------|--------|
| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
| 52470281J | ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO | SÍ |
| 52472017R | AMALIA GOLDAR CORA | SÍ |
| 35436150G | ANA MARIA ASOREY BREA | SÍ |
| 44827857Y | BELÉN LOUZAO VIEITES | SÍ |
| 44843918J | EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ | SÍ |
| 52472456A | JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS | SÍ |
| 76866604Y | JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR | SÍ |
| 52470095B | JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON | SÍ |
| 44089524L | LUCIA SEOANE ROSENDE | SÍ |
| 52471166R | LUIS RENDO ARAUJO | SÍ |
| 76796340F | MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA | SÍ |
| 76868700D | MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS | SÍ |
| 76859607R | MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS | SÍ |
| 35455186L | MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE | SÍ |

Concello da Estrada



| | | |
|-----------|-------------------------------------|-----|
| 76871181Y | MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA | SÍ |
| 35440840W | MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA | SÍ |
| 52472335C | M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA | SÍ |
| 76859732B | NEMESIO REY PAZOS | SÍ |
| 44091955N | ROMAN SUÁREZ PORTO | NON |
| 44092708Y | SILVIA NEIRA IGLESIAS | SÍ |
| 76860863S | XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS | NON |
| 76865922Z | ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS | SÍ |

Unha vez verificada polo secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 19 DE FEBREIRO DE 2018

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 19 de febreiro de 2018, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

Expediente 848/2018. MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE A ESTRADA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FOLGA FEMININISTA O 8 DE MARZO DE 2018

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este punto, o Sr. Alcalde outorga a palabra á Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, quen comeza agradecendo a colaboración e as aportacións dos outros grupos políticos para a elaboración desta moción, demostrando así a unidade desta corporación na loita dos dereitos da muller, por alcanzar a igualdade entre o home e a muller a nivel laboral e social. Continúa dicindo que queda moito por facer, pero hai que adoptar políticas e medidas que beneficien este fin, de feito o Concello de A Estrada aporta claramente pola conciliación laboral e familiar e pola igualdade, o que queda de manifesto na existencia da Escola Infantil municipal e tamén na posta en marcha do Programa Concilia, sen

Concello da Estrada



esquecer aqueles programas que loitan contra a desigualdade e contra a violencia nos centros de ensino.

Procede a Sra. Goldar a dar lectura da moción conxunta elaborada e que se transcribe na parte dispositiva deste asunto.

Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, trasladando a súa ledicia por chegar a esta moción conxunta e que amosa a preocupación desta corporación pola situación que se está a vivir na actualidade, a pesares de que en 1957, no Tratado de Roma, xa se recollía o principio de igual retribución e que buscaba a igualdade efectiva entre homes e mulleres; sen embargo, a día de hoxe, o soldo medio das mulleres en Europa é un 16,3% inferior ao dos homes. Continúa dicindo que, con respecto ás mulleres galegas, estas reciben un salario anual inferior nun 20% (aprox.) con respecto ao dos homes, o que se traduce en que para recibir un soldo igual as mulleres terían que traballar 71 días máis ao ano.

Di a Sra. Louzao que a solución a estes problemas de desigualdade laboral e social débense acadar dende as administracións públicas, polo que o seu grupo político apoia a folga feminista que se celebrará o vindeiro 8 de marzo, pedindo o apoio de todas as forzas políticas e que, dende este Concello, se faga un análise anual sobre o desenvolvemento do plan da igualdade e, en virtude do mesmo, tomar as medidas para que o fin se cumpra dunha vez para sempre.

Continúa dicindo que no noso municipio tamén se observa dita desigualdade feminina, ao abeiro das taxas de desemprego e do paro de longa duración (máis do 60% con respecto das mulleres aos homes), e que reflicten a precariedade das mulleres a nivel laboral con respecto aos homes, incluso peor que noutras localidades de Galicia; e, comparando Galicia con outras comunidades autónomas, é a quinta peor con respecto a este tipo de datos.

Finaliza dicindo que o Concello de A Estrada debe ser un exemplo de loita contra esta desigualdade, e non só mediante esta moción, senón tamén exixindo ás outras administracións con competencias superiores para que tomen as medidas necesarias para erradicar este grave problema social e laboral que afecta ás mulleres, porque basta xa de levar políticas de publicidade e, dunha vez por todas, se adopten medidas efectivas.

Intervén a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, valorando positivamente o apoio unánime de todos os membros da corporación á celebración da folga feminista do vindeiro 8 de marzo (que pretende dar visibilidade ao papel fundamental e imprescindible das mulleres na sociedade), e que se plasma nesta moción conxunta, coa que o Concello de A Estrada anima a secundar dita folga por considerar que é esencial dar a coñecer a importancia da muller nos catro eixos da organización social (laboral, estudantil, consumo e o traballo de coidados e reprodutivo), ademais da reivindicar a igualdade en todos os ámbitos da muller e o home. Continúa dicindo que a sociedade debe de entender que se as mulleres paran, o mundo tamén se para, que sen elas a sociedade non avanza, de aí que esta folga sexa internacional, xa que a desigualdade afecta a moitos ámbitos das vidas da muller e, sobre todo no ámbito dos coidados, quérese facer patente que o sistema económico colapsaría sen o traballo cotiá de coidados feitos básico polas mulleres, polo que se reivindica que este tipo de traballo sexa recoñecido como un ben de primeira orde. De igual xeito e, como dicía anteriormente, a muller ten



importancia nos outros ámbitos sociais (consumo, estudantil, etc.).

Polo dito anteriormente, considera que sobran as razóns para que se secunde esta folga, sen esquecer a realidade socio-económica da muller no noso concello e que non é allea ao resto do mundo, sendo importante que esta corporación traballe en conxunto para que, dentro do ámbito das súas competencias, poña en marcha medidas encamiñadas para a eliminación da desigualdade en todos os ámbitos sociais e laborais e, sobre todo, da violencia machista.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación este asunto, adoptándose, por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción conxunta elaborada por todos os grupos políticos con representación municipal en relación ao apoio á folga feminista a celebrar o vindeiro 8 de marzo e que se transcribe de seguido:

“MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE A ESTRADA CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FOLGA FEMINISTA O 8 DE MARZO DE 2018

No día 8 de marzo, os grupos políticos municipais que forman a corporación do Concello de A Estrada, manifestan, un ano máis, o seu compromiso coas mulleres, coa defensa dos seus dereitos e coas políticas de igualdade como instrumento para avanzar cara a unha sociedade democraticamente máis xusta e equilibrada na toma de decisións entre homes e mulleres.

Non pode haber unha sociedade verdadeiramente democrática se non somos capaces de eliminar os comportamentos e actitudes machistas que atentan contra máis da metade da poboación. E ese machismo, froito do patriarcado máis rancio e máis prexudicial para as mulleres esténdese en todos os ámbitos, desde o familiar, social e laboral ata a máis cruel das manifestacións como é a violencia de xénero que se exerce cara ás mulleres.

Cómpre mellorar as condicións laborais das mulleres, loitar contra a discriminacións, promover a implantación efectiva de medidas de conciliación e corresponsabilidade, exixir recursos e medidas para loitar contra a violencia machista, transformar a economía para un reparto xusto do emprego, o traballo dos coidados e a riqueza, e, en definitiva, recoñecer o dereito das mulleres en todos os ámbitos.

Hoxe en día, a conciliación e a xestión de traballos e de tempo é un problema que debe ser resolto tanto polos homes como polas mulleres e, debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

Por outro lado, é de vital importancia traballar na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados.

Así mesmo, hai que ter en conta que a fenda salarial en Galiza ronda o 20%, pois mentres o salario medio anual dos homes estímase en 20.243 euros o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que hai que engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e descontinuo son maioritariamente femininos, o que repercute na baixa cotización, soldo, prestación do paro e das pensións.

Polo recollido nos parágrafos anteriores, os membros que forman a corporación do Concello de A Estrada, propoñen que polo Pleno sexan adoptados os seguintes ACORDOS:

1º.- Apoiar a folga feminista prevista para o vindeiro 8 de marzo como medida de visualización da defensa dos dereitos das mulleres e en prol da igualdade en todos os ámbitos.

2º.- Comprometerse a facer un seguimento anual da efectividade do plan de igualdade do Concello de A Estrada, a fin de velar pola súa aplicación e facer as melloras que sexan precisas en beneficio da igualdade.



3º.- *Comprometerse como Concello a seguir realizando campañas e actuacións que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.*

4º.- *Instar á Xunta de Galicia para que continúe e mellore as liñas de axuda para as entidades locais en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da igualdade de xénero."*

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade, adoptado na sesión do 22/02/2018.

ACORDAMOS:

1º.- Apoiar a folga feminista prevista para o vindeiro 8 de marzo como medida de visualización da defensa dos dereitos das mulleres e en prol da igualdade en todos os ámbitos.

2º.- Adquirir o compromiso de facer un seguimento anual da efectividade do plan de igualdade do Concello de A Estrada, a fin de velar pola súa aplicación e facer as melloras que sexan precisas en beneficio da igualdade.

3º.- Adquirir o compromiso como Concello a seguir realizando campañas e actuacións que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.

4º.- Instar á Xunta de Galicia para que continúe e mellore as liñas de axuda para as entidades locais en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da igualdade de xénero.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Expediente 3686/2017. DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN QUE SE SUBMINISTRA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACIÓN FINANCEIRA COAS ENTIDADES LOCAIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2017, A PROPOSTA DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidente de data 22/02/2018 en relación co asunto que se trata a continuación.

Visto o contemplado na Orden HAP/2015/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Visto que se considera necesario, dende a Intervención municipal e en aras a unha maior transparencia, dar conta ao Pleno da corporación da información que se subministra ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais (OVEELL).

Visto o informe emitido con data 20/02/2018 pola Intervención municipal.

Vista a demais documentación que consta no expediente.

Concello da Estrada



DÁSE CONTA nesta sesión plenaria da seguinte documentación:

- 1.** Comunicación de Rendición da información en tempo e forma na OVEELL do 4º trimestre 2017 do período medio de pago PMP e de morosidade.
- 2.** Informe de avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, con motivo da rendición da execución do Orzamento do 4º trimestre 2017.
- 3.** Informe de morosidade, así como do informe do período medio de pago (PMP) do 4º trimestre 2017.

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE FEBREIRO DE 2018, DENDE O NÚMERO 2018-116 AO NÚMERO 2018-174 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dase conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 15 de febreiro de 2018, que van dende o número 2018-116 ao número 2018-174 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda de rogos e preguntas a voceira do grupo socialista, **Dna. Belén Louzao**, lembrando que, na sesión extraordinaria celebrada o pasado 19 de febreiro, acordouse modificar o acordo de aprobación da modificación da Ordenanza reguladora de “Instalacións e funcionamento das estruturas radioelétricas de telecomunicacións do Concello da Estrada”, de xeito que tan só dábase conta das sentenzas que obrigaban á súa modificación deixando a súa publicación e modificación co obxecto de sometela a unha Comisión Informativa e, sen embargo, a pesares da urxencia, aínda non se convocou. Ao igual que tamén di que lle sorprende que, a pesares da promesa feita na sesión plenaria do 01/02/2018 de levar a unha Comisión a moción presentada pola “Plataforma veciñal Mina Touro – O Pino Non”, non se convocara a mesma. Ante o anterior, pregunta a razón de porque non foron feitas estas convocatorias, a pesares de que entende que son necesarias e urxentes, e pregunta se se ten intención de facelas e cando.

Contesta o **Sr. Alcalde** que o motivo de convocar a sesión extraordinaria do Pleno do 19/02/2018 foi á delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local en materia de contratacións, e o punto relativo á mencionada Ordenanza incorporouse a maiores; así mesmo, que proximamente farase a convocatoria das Comisións que correspondan para tratar eses dous asuntos; avanza que, con respecto á Ordenanza das antenas, están os técnicos municipais estudando as alegacións e as sentenzas co obxecto de elaborar un informe sobre a adecuación da actual ordenanza e que se someterá á correspondente Comisión Informativa.

Continúa a **Sra. Belén Louzao** lembrando que no verán último pedíase que se convocara unha Comisión Informativa para tratar unha petición veciñal para o arranxo dunha rúa e, naquela Comisión, acordouse que antes do mes de decembro se faría unha proposta para a humanización da rúa San Paio; posteriormente nunha sesión plenaria o Sr. Alcalde dixo que esa obra se faría dentro do plan de mobilidade con outras rúas máis de maneira conxunta e coordinada, sen embargo, a través dos medios de comunicación, o Sr. Alcalde dixo que se faría o arranxo da rúa de maneira individual e sen agardar ao famoso plan. Ante o anterior, pregunta se hai excepcionalidade para unha rúa e que vai a pasar coa rúa San Paio, porque considera que algo tan sinxelo como o solucionar os seus problemas de aparcamento (existencia dunha sinal que contradí outras, en material de carga e descarga), debería se fácil de arranxar, polo tanto pregunta cando se pensa tomar cartas neste asunto e atender a petición dos veciños desta rúa.

O **Sr. Alcalde** resposta que o proxecto que se está redactando para a rúa Fernando Conde encaixa dentro da EDUSI para barrios desfavorecidos e que non implica a eliminación de zonas de aparcamento nin cambio de dirección na circulación, tan so vaise a optimizar o espazo da parte central da rúa, tratándose dunha actuación que urxe pola existencia de problemas tamén no abastecemento de auga e, a pesares de entender a petición da Sra. Louzao, non se pode pedir que se solucione o problema do abastecemento da auga e despois dicir que non fagamos o proxecto de Fernando Conde. Continúa dicindo que nesta rúa existe un problema importante que afecta á rede de sumidoiros e á de abastecemento de auga e que precisa unha actuación inmediata, ao igual que o deterioro dos seus servizos urbanos, sendo, polo tanto, o momento adecuado para acometer esas actuacións e que encaixan na EDUSI. En canto ao resto das actuacións que se poidan acometer, como na rúa San Paio, considera que o máis prudente é esperar ao plan de mobilidade, esperando que no próximo mes de maio se poida empezar a plantexar algunhas actuacións de mellora da accesibilidade e mobilidades nalgunhas rúas do casco urbano, entre elas a de San Paio.

Avanza tamén que, tendo en conta reunións mantidas co xefe actual da Policía Local, acordouse a retirada de tres sinais de carga e descarga, sitas na Avda de Santiago (fronte ao centro de saúde), Rúa Fermín Bouza Brei (na súa entrada) e na Rúa San Paio (a solicitada polos veciños), e se non se fixo xa é porque o persoal está ocupado, pero vaise a proceder nestes días.

A **Sra. Belén Louzao** traslada unha petición dos veciños da Rúa Irida para que sexa mellorada a limpeza da mesma, onde se acumula, entre outro lixo, os excrementos dos cans e, con respecto aos excrementos animais, lembra o acordo plenario para a creación dun parque canino e do que aínda non se sabe nada.

Toma a palabra a voceira de Móvete, **Dna. Mar Blanco**, para lembrar o compromiso adquirido e incumprido coa “Plataforma veciñal Mina Touro – O Pino Non”, así como doutras mocións pendentes de ser tratadas nas respectivas Comisións dende fai varios meses.

Traslada as solicitudes dos veciños de Tabeirós para o pintado da estrada de A Consolación, xa que non se aprecia o pintado da calzada nin os pasos de peóns; o arranxo dun muro derrubado fai varios meses xunto a curva despois da capela; que se solucione o problema da falta de auga no local social; e a retirada de refugallos na Aldea de Vilareal (xunto ao río).

Da a coñecer unha petición dos veciños do entorno da Avda de Pontevedra para o pintado de dous pasos de peóns nos inicios das 1ª e 2ª Travesía da Avda de Pontevedra, pedindo, así mesmo, que se mellore a sinalización do sentido de dirección da circulación nas ditas rúas. Aproveita para solicitar que tamén se pinte un paso de peón fronte a Farmacia de Eirín.

Continúa a Sr. Blanco preguntando se foi solicitada a subvención para facer a senda peonil entre os coutos de Couso e Sinde, despois de haberse anunciado que se ía a facer con



cargo ás subvencións destinadas para a Red Natura do ano pasado, valorándose o proxecto en aproximadamente 2.700 euros, sen embargo o ano pasado non se debeu conceder esta subvención e por iso pregunta se se vai a volver a pedir este ano.

Tamén pregunta se se pediron ou se van a pedir subvencións destinadas ás entidades locais para melloras de infraestruturas turísticas, xa que é coñecedora que o prazo para solicitalas estivo aberto entre xaneiro e febreiro.

O **Sr. Alcalde** resposta que foron solicitadas subvencións con cargo á Red Natura para a recuperación dos entornos das dúas pontes de Couso e Paradela e da ponte de Ponte Vea; así tamén se presentou solicitude de subvención en Turismo con destino a sinalización turística.

A **Sra. Mar Blanco** pregunta se hai algunha previsión con respecto ás melloras que piden os veciños de Tabeirós para o lugar de A Consolación.

Responde o **Sr. Alcalde** que ese vial é de titularidade da Deputación e o único que se puido facer, e se fixo, foi presentarlle un escrito reclamando o arranxo de distintas estradas do noso municipio e da súa titularidade, entre elas a de A Consolación, entendendo que non só se debería de repoñer o repintado, senón tamén arranxar o firme e o muro de contención derrubado. Así que volverase a insistir para que a Deputación faga todas esas actuacións.

Non habendo máis intervencións por parte dos/as Concelleiros/as e do público asistente (dentro do Regulamento de Participación Cidadán) , levántase a sesión ás vinte e unha horas dez minutos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233